

CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Teléfono: 986 768 238

Expediente núm.: 155/2024

Informe de no división en lotes

Procedemento: Contrato de Concesión de Servizos para xestión do Centro de día e Fogar residencial do Concello da Lama.

Asunto: Informe de no división en lotes para licitación do Contrato de Concesión de Servizos para xestión do Centro de día e Fogar residencial do Concello da Lama

Data de iniciación: 12.06.2024

Documento asinado por: O Alcalde

INFORME DE NO DIVISIÓN EN LOTES

“Contrato de Concesión de Servizos para xestión do Centro de día e Fogar residencial do Concello da Lama”.

Dada a natureza do contrato de concesión de servizo público da residencia municipal de persoas maiores e centro de día de A Lama, que constitúe unha unidade en si mesmo, non resultando posible tal división en lotes sen menoscabo do resultado que se espera da execución do contrato, non cabe división en lotes.

O artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, indica que o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente.

Entre os motivos válidos a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, cítase o seguinte no apartado b) do devandito artigo:

b) O feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultase a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Ambos os extremos deberán ser, no seu caso, xustificados debidamente no expediente.

Se se dividise o contrato en lotes de distintos tipos de especialidades, técnicas e/o modalidades:

- Pérdese a optimización do control da execución global do contrato.
- Pérdese a coordinación da execución das prestacións.
- Incrementáanse os custos de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.
- Pérdense as economías de escala.
- Pérdese a eficiencia.

Tendo en conta que o obxecto do contrato desenvólvese nunha concesión de servizo público do fogar residencial e centro de día de A Lama, se se prevéise o



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Teléfono: 986 768 238

servizo mediante a división en lotes do contrato, dificultaríase a correcta execución do mesmo.

Polo tanto, encadraríase dentro do motivo válido que indica a Lei no seu artigo 99.3.b) a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato.

Neste sentido, queda acreditado que unha realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultará a correcta execución.

Asíno o Alcalde, na data da firma electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

